

CUADRANTE



*RELACIONES DE VALLE-INCLÁN COA
JUNTA PARA AMPLIACIÓN DE ESTUDIOS*

*LUCES RECOBRADAS EN LA MUERTE DE UN
INTELECTUAL DE AVANZADA*

DE DAMAS Y FRAILES

EL MAR Y LOS BARCOS EN LA OBRA DE VALLE-INCLÁN

TEXTOS RECUPERADOS

Nº 7

*Amigos
Valle Inclán*

Vilanova de Arousa



CUADRANTE



Revista cultural da
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

*RELACIONES DE VALLE-INCLÁN COA
JUNTA PARA AMPLIACIÓN DE ESTUDIOS*

*LUCES RECOBRADAS EN LA MUERTE DE UN
INTELECTUAL DE AVANZADA*

DE DAMAS Y FRAILES

EL MAR Y LOS BARCOS EN LA OBRA DE VALLE-INCLÁN

TEXTOS RECUPERADOS

Amigos
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9
VILANOVA DE AROUSA.
APARTADO DE CORREOS Nº 66
Xullo 2003

Director:

Gonzalo Allegue

Subdirector:

Francisco X. Charlín Pérez

Consello de Redacción:

Xosé Luis Axeitos
Víctor Viana
Ramón Martínez Paz
Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Lois Vila Fariña
Ramón Torrado

Xestión e administración:

Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:

Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Fotografías:

Nieves Loperena

Imprime:

Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.B.N.: 84-87709-99-0

SUMARIO:

Xoán Guitián / Ricardo Gurriarán
*Relacións de Valle-Inclán coa Junta para
ampliación de Estudos e as súas institucións.
Algúns documentos...* pax. 5

Antonio Espejo Trenas
*Luces recobradas en la muerte de un
intelectual de avanzada* pax. 15

Gonzalo Allegue
De damas y frailes pax. 29

Jesus Blanco
*El mar y los barcos
en la obra de Valle-Inclán* pax. 49

TEXTOS RECUPERADOS.

Murguía
Un desconocido pax. 73

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.



RELACIONES DE VALLE-INCLÁN COA JUNTA PARA AMPLIACIÓN DE ESTUDIOS E AS SÚAS INSTITUCIÓN. ALGÚNS DOCUMENTOS

Xoán Guitián
Ricardo Gurriarán

Don Ramón M^a del Valle-Inclán carece ata agora dun estudio biográfico completo e definitivo, malia ser un dos grandes autores da literatura universal e un dos personaxes máis orixinais e brillantes da cultura contemporánea. Varias décadas despois da súa morte, investigadores e amantes da súa obra dan a coñecer con certa frecuencia datos aínda inéditos da súa vida e da súa actividade literaria, cartas e fotografías, contribuíndo ó mellor coñecemento do escritor.

Neste traballo presentamos e comentamos varios documentos correspondentes á relación de don Ramón M^a del Valle-Inclán coa *Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas* e con institucións dela dependentes.

A *J.A.E.* é un prestixioso organismo creado por Real Decreto de 11 de xaneiro de 1907, dependente do *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes*, nacido por impulso do «institucionismo», liderado por Francisco Giner de los Ríos e que ten como misións principais a renovación pedagóxica e a xestión da política de bolsas e axudas ós investigadores españois, co obxectivo de mellora-lo nivel científico do país.

En estreita relación coas actividades da *J.A.E.* créanse en Madrid dous centros que terán gran importancia para o ambiente cultural e artístico da capital de España: a

Residencia de Estudiantes e a Residencia de Señoritas. A Residencia de Estudiantes foi creada en 1910 co patrocinio da *J.A.E.* e baixo a inspiración dos principios da Institución Libre de Enseñanza. Contaba con bibliotecas, laboratorios e unha importante editorial fundada en 1913. Na Residencia vivían estudantes e profesores de fóra de Madrid nun ambiente de convivencia, estudio e creación artística. Entre os residentes máis coñecidos figuran García Lorca, Buñuel e Dalí. A Residencia, coa que se relacionaron numerosos intelectuais do momento como Juan Ramón, Ortega, Unamuno ou Menéndez Pidal, acadou unha gran sona internacional. Importantes intelectuais extranxeiros como Einstein, Bergson, Valery ou Madame Curie contribuíron á formación dos residentes impartindo conferencias en réxime aberto á sociedade madrileña da época.

No ano 1915 créase tamén en Madrid a Residencia de Señoritas, na rúa Fortuny, un centro destinado a acoller ás «señoritas» que acudían á capital para cursar estudos superiores. Trátase, xa que logo, da versión feminina da Residencia de Estudiantes. Tamén na Residencia de Señoritas son frecuentes as actividades culturais, recitais e conferencias, como as ofrecidas por Louis Aragon, Pío Baroja, Américo Castro, Ramiro de Maeztu, Gregorio Marañón, Eugenio D'Ors e o mesmo Valle-Inclán, entre outros.

PRIMEIRO DOCUMENTO

O CONTEXTO

Ramón M^a del Valle-Inclán é xa en 1915 un autor de gran prestixio e popularidade que ten publicadas algunhas das súas obras máis coñecidas: *Femeninas*, *Epitalamio*, *Jardín umbrío*, *Corte de amor*, *Flor de santidad*, *Águila de blasón*, *Romance de lobos*, *Gerifaltes de antaño*, *La marquesa Rosalinda*, *La cabeza del dragón*, ademais da *Sonata de Otoño*, *Sonata de Primavera*, *Sonata de Estío* e *Sonata de Invierno*, entre outras obras.

Desde 1912 vive en Galicia, primeiro en Vilaxoán e logo en Cambados, na casa de dona Lucila Fernández situada preto do pazo de Fefiñáns¹. A familia Valle-Inclán Blanco está formada daquela por Don Ramón, súa esposa Josefina e súa filla Conchita. En maio de 1914 nace o primeiro fillo varón a quen se lle poñen os nomes de Joaquín María, pero a ledicia e curta xa que en agosto, cando conta só catro meses, o neno morre vítima dun desgraciado accidente ocorrido na praia do Pombal.

Don Ramón e Josefina entran nunha fase de fondo abatemento. Valle-Inclán escíbelle o día 2 de outubro de 1914 a Ortega y Gasset unha carta chea de dor e de tristeza:

Queridísimo Ortega:

No le escribí antes, porque no han faltado dolores y desazones. Hace dos días enterré a mi hijito. Dios Nuestro Señor me lo llevó para sí. Ha sido el mayor dolor de mi vida. Yo no sé qué cosa sea la muerte, que se la siente llegar: Mi niño estaba sano y yo esperaba una desgracia como

algo fatal. Ya llegó, y sea sola. Estoy acabado. Esto es horrible. ¡Que no sepa usted nunca de este dolor! La casa se me viene encima, y tampoco quiero, por ahora, volver a Madrid, donde nació mi niño hermoso que se me murió. Quisiera ir a Italia, pero con los míos, mi mujer y mi hija: ello es caro. Mi pobre Josefina, que está tan muerta como yo, ha tenido una idea. Ella me inspira que le escriba a usted, para saber si podrían concederme una pensión de la «Junta de Estudios» para estudiar alguna cosa en Italia. Cosa para la cual, en conciencia, sea yo capaz. De pintura, de literatura: una visión de Cervantes, de Lope, de Quevedo, en Italia: Diálogos de soldados, jugadores, mujeres, pilotos catalanes y de Valencia. Una visión estética de Italia. No sé si algo de esto podrá ser, ni tampoco si es ocasión. Usted, mi querido amigo (a quien libre de esta pena mi Dios Cristo Jesús, en quien usted no cree), verá lo que puede hacerse. Se lo agradecerá infinitamente su infortunado.²

En relación co contido da carta é preciso sinalar que Ortega, catedrático da Universidade madrileña e Director da *Escuela Superior del Magisterio*, centro con notable presenza institucionalista, era xa en 1915 un pensador de prestixio con gran influencia nos medios académicos e intelectuais. Cómpre lembrar que, ademais, o filósofo será nomeado no ano 1924 vocal da *Junta para Ampliación de Estudios*.³

Sabemos que Ortega contestou con rapidez a Valle-Inclán, como pode deducir-

¹ Viana, V.: «Valle-Inclán en Cambados. Un salnesán universal» en *A Calzada*, ano 1, nº 1(2000)

² Hormigón, J.A.: *Valle-Inclán. Cronología. Escritos dispersos. Epistolario* Madrid: Fund. Banco Exterior, 1989 (2ª ed.). p.49

³ Laporta, F.J. e outros: «Los orígenes culturales de la Junta para Ampliación de Estudios» en *Arbor*, CXXVI, 493 (1987), p. 83

se da existencia dunha segunda carta do escritor ó filósofo datada o 29 de outubro de 1914, só 27 días despois da primeira. O que descoñecemos é o contido da carta de Ortega pero é moi posible que a resposta do filósofo se producira animando a don Ramón a solicita-la bolsa desexada.

O TEXTO

O día 11 de marzo de 1915 don Ramón solicita oficialmente a bolsa da *J.A.E.* O documento, datado en Madrid, di o seguinte:

*Sr. Secretario de la
Junta de Pensiones para el Extranjero.*

Don Ramón del Valle-Inclán tiene el honor de solicitar una pensión por el tiempo de un año, para Italia.

Contando con tal auxilio escribiría un libro que fuese como prólogo de la emoción estética y cordial que españoles e hispano americanos deben buscar en el sagrado solar latino.

Son muchos los que peregrinan por aquellas tierras de Italia anhelando gustar sensaciones de arte, que son siempre de amor. Propicia es Italia para satisfacer tales anhelos, y como en la gran hora del Renacimiento, su historia cuando no va encauzada con la historia de España, va hermanada con ella, bien pudiera despertarse un amoroso sentido hispano á los peregrinos de Italia.

Libros alentados con un propósito de patria se han escrito sobre Italia, en Inglaterra, en Alemania y en Francia. Bien se que esto debiera hacerse sin ayuda, pues es obligación de quien aspira á ser leído en su pueblo servirle desinteresadamente y darle sus esencias. Pero como quiera que el tiempo pasa y la vejez llega, y los sueños mas caros parece que ya no van á realizarse nunca, ante la gran tristeza de verlos malogrados elevo esta mi soli-



Valle-Inclán, por Cao Luaces (1910)

ciudad al honrado y ejemplar juicio de la Junta de Pensiones.

*Ramón del Valle-Inclán
Madrid, 11-Marzo-1915*⁴

Son varios os aspectos deste escrito que chaman a atención do lector. En primeiro lugar, sorprende o descoñecemento (ou a ignorancia intencionada) de que fai gala don Ramón no relativo ós formalismos habituais neste tipo de escritos. A convocatoria establecía que: «Las solicitudes se dirigirán, en papel de una peseta, al Señor Presidente de la Junta...»; dous requisitos que a solicitude non cumpre. Denomina ademais no seu escrito «Junta de Pensiones para el Extranjero», que era o nome coloquial co que se coñecía popularmente ó organismo chamado oficialmente «Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas». Sorprende tamén a utilización por don Ramón da fórmula «tiene el honor de solicitar» aplicada en primeira persoa, cousa pouco habitual e quizais tamén pouco correcta fronte á fórmula que adoitaba utilizarse: «tiene el honor de dirigirse al organismo que Usted preside». Sorprende finalmente a forma directa —quizais en exceso— coa que don Ramón expón as súas pretensións: «tiene el honor de solicitar una pensión por el tiempo de un año, para Italia».

Desde dentro da institución, don Ramón é alertado de que a solicitude ten que facerse en papel do estado e que ten que ir acompañada dunha xustificación

(memoria) do traballo a realizar, tal como indica unha anotación feita a lápis no seu escrito de solicitude co texto: *pedidas solicitud y trabajo*. A vulgar polo remate do seu escrito, Valle debía estar en Madrid e alguén «da casa» comunicou con el para avisalo das eivas da súa petición. Don Ramón refixo a solicitude, agora xa en papel do estado, presentándoa ó día seguinte co mesmo contido, sen o necesario traballo xustificativo e volvéndose a dirixir áo Secretario, o que debeu invalidar a consideración da súa demanda.

Para rematar, resulta curiosa a pouca consistencia da exposición de motivos que, a xeito de xustificación, don Ramón inclúe na súa solicitude. Téñase en conta que as solicitudes de bolsas e pensións enviadas á *J.A.E.* acompañanse sempre con proxectos detallados, memorias ou traballos xustificativos a fin de que os membros da Comisión Executiva da *J.A.E.* que deben tomar unha decisión o fagan con coñecemento de causa. No caso de Valle-Inclán non atopamos o correspondente traballo e semella que don Ramón non chegou a elaboralo, limitándose a redactar unha simple solicitude con escasa convicción.

Desde o punto de vista gráfico destaca nesta carta a sinatura de don Ramón ó pé do escrito. É ben sabido que na sinatura de Valle-Inclán a letra inicial I do apelido Inclán prolóngase verticalmente hacia abaixo nunha liña ondulada que remata nunha pequena lazada. Neste caso a prolongación do I aparece esaxerada e desproporcionada se a comparamos coa prolongación que presentan as sinaturas de Valle-Inclán noutros documentos contemporáneos consultados.

Descoñecemos se a comisión encargada de avalia-las solicitudes chegou a tomar en consideración o escrito pero o certo é

⁴ Parcialmente citado en Monge, J.M.: «Valle-Inclán y las Bellas Artes. 1889-1915», e accesible no *Archivo Virtual de la Edad de Plata de la Residencia de Estudiantes* (<http://www.archivovirtual.org>). A nosa consulta realizou-se directamente sobre o documento orixinal que está no Arquivo da Residencia de Estudiantes (Fondo *J.A.E.*, expediente persoal n° 146/36)

que don Ramón non disfrutou da desexada bolsa en Italia, país ó que non viaxaría ata ser nomeado, o 8 de marzo de 1933, director da Academia Española de Belas Artes en Roma.

SEGUNDO DOCUMENTO

O CONTEXTO

No ano 1916 Ramón M^a del Valle-Inclán e súa dona Josefina deciden deixar Cambados, decisión na que debeu pesar sen dúbida o desexo de pasar páxina e afastarse do escenario da traxedia do fillo morto.

Coa axuda do seu amigo Estanislao Pérez Artime, o influínte político padronés, conseguirá atopar un lugar que satisfaga os seus desexos: a casa da Mercé, a tres quilómetros da Pobra do Caramiñal, localidade coa que tantos vencellos ten a familia do escritor. Valle-Inclán acorda o aluguer da casa, propiedade da familia Llamas, cun vello coñecido da súa etapa pontevedresa e membro desa familia: don Xavier Puig Llamas. A familia Puig conserva na actualidade un exemplar da obra *Femeninas* cunha dedicatoria autógrafa de Valle-Inclán a Xavier Puig na que se disculpa por «las muchas latas que le han costado las pruebas de este libro» o que demostra que a relación entre Valle-Inclán e Puig Llamas é unha vella e sólida relación de amizade que ven dos anos finais do XIX.

Por Real Orde do 18 de xullo de 1916 Ramón M^a del Valle-Inclán é nomeado catedrático de Estética das Artes Plásticas na «Escuela Superior de Pintura, Escultura y Grabado de Madrid».

Moi pouco tempo despois deste nomeamento Valle-Inclán instálase na Mercé nunha data que non coñecemos con exacti-

tude. Na carta dirixida por don Ramón a Xavier Puig aparece unha data da que só son lexibles o día e o mes, pero non o ano. De acordo cos datos coñecidos ata agora podería tratarse de agosto de 1916. Segundo o contido da carta, nese mes e ano estaría Valle-Inclán facendo reparacións na casa para instalarse nela coa súa familia nos meses seguintes.

Valle-Inclán presenta a súa dimisión do cargo de catedrático de Estética pouco tempo despois de ser nomeado, probablemente pola propia incapacidade para adaptarse ó ritmo das obrigas académicas. De acordo con algún dos seus biógrafos, as poucas clases que impartiu tiveron lugar no Museo do Prado e nas rúas da capital de España⁵.

Don Ramón permanece vivindo na Mercé —coas lóxicas interrupcións por motivos de traballo e viaxes— desde esas datas ata 1921, ano no que se traslada á casa coñecida como Villa Eugenia, no casco urbán da Pobra. Neste período nacen os seus fillos Carlos, Mariquiña e Jaime e publica obras tan importantes como *Luces de Bohemia*, *Los cuernos de Don Friolera*, *La pipa de kif* e *Cara de plata*, entre outras.

O TEXTO

No libro de actas da Comisión Executiva da *Junta para Ampliación de Estudios*, e máis concretamente na acta da reunión do 21 de xaneiro de 1919, aparece a seguinte anotación:

Vista la solicitud enviada a esta Junta para informe por la Subsecretaría de Instrucción

⁵ Villarméa, C.: *Ramón María del Valle-Inclán. Poeta, narrador e dramaturgo*. Vigo: Ir Indo, 2002, p.41

*Pública y Bellas Artes y suscrita por el profesor de Estética de las Artes Plásticas en la Escuela Superior de Pintura, Escultura y Grabado, D. Ramón del Valle Inclán, quien desea obtener una comisión gratuita para ir a la república mexicana y poder escribir la Historia de Hernán Cortés, se acuerda devolver al Ministerio la expresada solicitud informándola en el sentido de que estima de interés el trabajo que se propone realizar el Sr. Valle Inclán y que desde luego lo considera capacitado para llevarlo a cabo en condiciones que difícilmente concurrirían en otra persona.*⁶

Á reunión na que se adopta esta decisión asisten os señores Bolívar, Menéndez Pidal, Ascarza, Casares e Vincenti ademais do Presidente, don Santiago Ramón y Cajal, e o Secretario, don José Castillejo.

En relación co contido deste documento debemos sinalar algúns datos e circunstancias de interese. En primeiro lugar, indicar que a solicitude presentada por Valle-Inclán en 1919 encaixa plenamente no contexto da súa gran atracción por México, país ó que xa viaxara en 1892 pouco despois da morte de seu pai. Desde entón, son moi numerosas as referencias á república centroamericana que aparecen nas entrevistas a Valle-Inclán publicadas en xornais e revistas ó longo de toda a vida do escritor.

É importante destacar tamén a referencia que se fai neste documento á intención de Valle-Inclán de escribir un libro sobre a historia de Hernán Cortés. Polos datos que proporciona J.A. Hormigón sabemos que en 1913 firma Valle-Inclán un acordo coa Sociedad General Española de Librería para a publicación das súas *Obras Completas* e nesa colección anúncianse

algúns libros que non se chegaron a publicar: *Las banderas del Rey*, *La guerra en las montañas* e *Hernán Cortés*, entre outros.

No ano 1921 Valle-Inclán recibe un telegrama de Alfonso Reyes que lle transmite unha invitación do presidente mexicano Obregón para asistir ás celebracións do centenario da independencia daquela república. Valle-Inclán viaxa a México en setembro dese mesmo ano e alí mantén unha importante actividade pública. Nunha entrevista concedida a Manuel Horta fala do seu proxecto de escribir unha obra sobre Hernán Cortés:

*Nos habla de su Hernán Cortés con un deslumbramiento de sabiduría, y dice que piensa escribir una obra sobre la conquista de América, pero sin esclavizarla a la historia conocida. ¡Que para eso, no habría más que leer a Bernal Díaz! Una obra, asegura el Maestro, sintetizada en la acción de cuatro o cinco personajes, encabezados por el Gran Capitán don Hernando Cortés. Así como se escribió la historia más admirable del Renacimiento con los hechos del Aretino, de Maquiavelo, de Savonarola y de los Borgia. Todo esto entre los rosales de la fantasía, entre los perfumes amables de la belleza.*⁷

Este proxecto de novela histórica centrada na xesta mexicana de Hernán Cortés, unha idea acariciada por Valle durante oito ou dez anos, non chegará a facerse realidade.

Cando Valle-Inclán presenta a súa solicitude á *Junta para Ampliación de Estudios* en 1919, comezaran xa a manifestarse as dificultades económicas na finca da Mercé. Valle, que tiña a idea utó-

⁶ Libro de actas da J.A.E. Comisión Ejecutiva. Libro III. Sesión 21 de Enero de 1919.

⁷ Horta, M.: «Entrevista» en «Repertorio Americano», III, 13 (28 de novembro de 1921)



María de Maeztu.

Berta Singerman.

pica de vivir en Galicia combinando a actividade literaria e a práctica agrícola, atópase con graves problemas. A casa da Mercé consume os seus cativos aforros e os cartos que ingresa polos dereitos de autor. Contemplada neste contexto, a solicitude dunha comisión para viaxar a México semella unha fuxida cara un lugar que Valle ten idealizado, como é doado comprobar coa lectura de entrevistas publicadas en España e en América⁸.

Italia e México son dous países que espertarán sempre a admiración de Valle-Inclán e son os países ós que se refiren as dúas solicitudes de Valle-Inclán á *Junta para Ampliación de Estudios*.

⁸ Cfr. entre outras a entrevista con López Pinillos en *Heraldo de Madrid*, 15 de marzo de 1918 e a citada de Manuel Horta.

⁹ Vázquez Ramil, R.: *La institución Libre de Enseñanza y la educación de la mujer. La Residencia de Señoritas*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela, 1989, p. 726 (Inédita)

TERCEIRO DOCUMENTO

O CONTEXTO

No ano 1925 Valle-Inclán é xa novamente veciño de Madrid, unha vez rematada a súa etapa galega. Instalado na capital, don Ramón recupera o contacto cotián cos amigos e contertulios participando moi activamente na vida cultural madrileña. O ano 1925 é o da publicación da obra *Los cuernos de don Friolera*. Neste contexto sitúase o terceiro dos documentos que presentamos.

O TEXTO

Señorita María de Maeztu.

Mi distinguida amiga: Muy complacido asistiré al te que Usted ofrece a Berta Singerman.

Hasta mañana. Queda a sus pies

*Valle-Inclán*⁹



A carta está escrita en papel do hotel Príncipe de Asturias, situado na confluencia da Carrera de San Jerónimo e a rúa Echegaray (Carrera de San Jerónimo, 30 e rúa Echegaray 1 e 3).

Neste terceiro texto aparecen citados dous nomes propios, María de Maeztu e Berta Singerman.

María de Maeztu era irmá do pensador e escritor Ramiro de Maeztu. Desde os anos 15 María de Maeztu está presente en numerosas actividades educativas e profesionais relacionadas coa incorporación da muller á vida cultural, científica e social española. En 1914, aínda moi nova, entrou a formar parte do cadro de profesores do Instituto Internacional, unha moderna institución educativa fundada en Madrid polo matrimonio Gulick. En 1920 María de Maeztu funda o primeiro clube de mulleres para agrupar ás mulleres intelectuais de Madrid: o Lyceum Club. Tamén dirixirá a sección de nenas do *Instituto-Escuela*, un importante centro de ensino secundario e no ano 1928 será a primeira muller que acceda ó cargo de vocal da *J.A.E.*

Valle-Inclán e María de Maeztu debían coñecerse con anterioridade á data desta carta tal como parece desprenderse dos termos cordiais e pouco protocolarios nos que o texto está redactado.

Como indicamos con anterioridade, no ano 1915 créase en Madrid a Residencia de Señoritas e desde o primeiro intre María de Maeztu será a súa directora. No contexto das numerosas actividades culturais realizadas inscríbese a presenza na Residencia de Señoritas de Berta Singerman, quen dará un recital poético o 1 de decembro dese ano.

Berta Singerman foi unha extraordinaria declamadora nacida co século na localidade rusa de Mozir e nacionalizada na República Arxentina. Formada no país americano. Destacou pronto pola súa

extraordinaria voz e polo seu dominio do xesto e da expresión facial. Aberta ás novas tendencias literarias e artísticas e especializada en poesía castelá (García Lorca, Juan Ramón, Neruda), triunfou nos máis importantes teatros de España e América. Berta Singerman, que realizou a súa derradeira actuación no ano 1990, morreu o día 10 de decembro de 1998 cando contaba 97 anos de idade, sendo enterrada no cemiterio xudeu da capital arxentina.

De acordo coa Enciclopedia Espasa, Berta Singerman «cosechó nuevos lauros en el viaje (a España y Portugal) realizado a principios de 1926»¹⁰. Esta data non parece ser correcta xa que a carta que comentamos, dirixida por Valle-Inclán a María de Maeztu, leva no seu encabezamento a data 9 de decembro de 1925 e nela fálase dun acto social a celebrar ó día seguinte, 10 de decembro, en Madrid coa presenza da recitadora, o que demostra que a finais do ano 1925 Berta Singerman estaba xa en España.

Valle-Inclán tamén participará nas actividades culturais da Residencia de Señoritas nese curso 1925-26, pois o 20 de febreiro impartiu unha conferencia baixo o título «Recuerdos literarios». Don Ramón participa asemade nas actividades culturais da homóloga Residencia de Estudiantes, pois en 1918 xa tiña impartido unha charla (velada literaria)¹¹. Desta velada publícase unha reseña na revista *Residencia* co seguinte contido:

En una de las escapadas que hizo a Madrid D. Ramón del Valle Inclán duran-

¹⁰ Voz «Singerman, B.» en *Enciclopedia Universal Ilustrada*. Madrid: Espasa-Calpe, 1927. Vol 56, p.632.

¹¹ Vid. revista *Poesía*. Madrid: Ministerio de Cultura 1983, nº 18-19 (1983) p.61

te los años, todavía próximos, que pasó retirado en su Galicia, tuvo la bondad de acudir a la Residencia para iniciar una serie de veladas inolvidables.

En la primera, la suya, nos presentó su país por procedimiento casuístico y con expresión que valdría decir muy siglo XVIII. Apoyándose en los casos anecdóticos de un guardia civil, un hereje, un teólogo, unas campesinas al servicio de su hogar y dos hidalgos, evocó el carácter de su pueblo. Abordó derechamente y con extraordinaria finura los casos más sospechosos y resbaladizos, dejándolos engastados con la pureza de las piedras preciosas merced a su dominio del lenguaje. ¡Admirable conversador! Misterioso, sugestivo, truculento, escabroso y siempre ameno.

*Después de la estampa de Galicia nos regaló con la lectura de algunos poemas que aparecieron luego en su libro «La pipa de Kif». Todavía los que asistieron al acto solicitan constantemente un «bis». Y la oportunidad de que llegue a su conocimiento no quisiéramos desperdiciarla.*¹²

CONCLUSIÓN

Os tres documentos que comentamos amosan unha parte pouco coñecida das relacións que Ramón M^a del Valle-Inclán tivo co «institucionismo», unhas relacións que nun primeiro intre non foron moi fructíferas no referente á solicitude do escritor dunha axuda para viaxar ó extranxeiro. Pasado algún tempo, a J.A.E. reconeceu expresamente, a instancias do Ministerio de Instrucción Pública, as súas capacidades literarias.

Entre Valle e a J.A.E. estableceríase, máis alá das solicitudes presentadas, un

¹² «Veladas literarias y musicales» en *Residencia*, ano I, nº III, 1926, p.253

marco de relacións materializado en colaboracións puntuais do escritor cos «apéndices» da *Junta* en forma de charlas e vela-

das literarias celebradas nas dúas residencias que este organismo tiña, a Residencia de Estudiantes e a Residencia de Señoritas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Enciclopedia Universal Ilustrada*. Madrid: Espasa-Calpe, 1927. Vol 56
- Hormigón, J.A.: *Valle-Inclán. Cronología. Escritos dispersos. Epistolario*. Madrid: Fundación Banco Exterior, 1989 (2º ed.)
- Horta, M.: Entrevista en *Repertorio Americano*, III, 13 (28 de novembro de 1921)
- Laporta, F.J. e outros: *Los orígenes culturales de la Junta para Ampliación de Estudios* en *Arbor*, CXXVI, 493 (1987)
- López Pinillos, J.: *Vidas truncadas: la vocación de Valle-Inclán* en *Heraldo de Madrid*, 15 de marzo de 1918
- Monge, Jesús M^a.: *Valle-Inclán y las Bellas Artes. 1889-1915*, en *Cuadrante*, 6, 20-47 (2003)
- Poesía. Madrid: Ministerio de Cultura 1983, nº 18-19 (1983)
- Vázquez Ramil, R.: *La Institución Libre de Enseñanza y la educación de la mujer. La Residencia de Señoritas*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela, 1989 (Inédita)
- Veladas literarias y musicales* en Residencia, ano I, nº III, 1926, p.253
- Viana, V.: *Valle-Inclán en Cambados. Un salnesán universal* en *A Calzada*, ano 1, nº 1 (2000)
- Villarmeá, C.: *Ramón María del Valle-Inclán. Poeta, narrador e dramaturgo*. Vigo: Ir Indo, 2002

PREMIO INTERNACIONAL DE COMPOSICIÓN

CANTATA

“TORRE DE HÉRCULES”

Admisión de originales: 31 de octubre de 2003.

Duración: hasta 40 minutos.

Premio: 12.000 €

Bases e información: Departamento de Cultura.

Diputación de A Coruña.

Avda. Alférez Provisional, s/n. - 15006 A Coruña.

tlf.: 981 18 33 19

www.dicoruna.es

Torre de Hércules, Patrimonio de la Humanidad.





CONCELLO DE
VILANOVA DE AROUSA

REPSOL
YPF



